

## BASES E CONVOCATORIA CONCURSO DISFRACES ENTROIDO 2024

### PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN

O Concello de San Cibrao das Viñas convoca un concurso de disfraces que se celebrará con motivo do Entroido 2024, o sábado 10 de febreiro, ás 17:00 horas, no Polideportivo de San Cibrao das Viñas.

### SEGUNDA: SOLICITUDE, INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

A inscrición dos participantes poderase facer nas oficinas do Concello de San Cibrao das Viñas en horario de 8:30 a 14:00 horas ou a través da web do Concello, dende o día 15 de xaneiro ata o día 1 de febreiro de 2024.

### TERCEIRA: REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

A participación está aberta a todas as persoas empadroadas no Concello de San Cibrao das Viñas.

### CUARTA: MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

As modalidades nas que se pode participar no concurso son:

- ✓ Comparsas que cumbran os seguintes requisitos:
  - O número de integrantes da comparsa deberá ser como mínimo de 10 persoas
  - A metade dos integrantes da comparsa deberán estar empadroados no concello de San Cibrao das Viñas.
  - Nas solicitudes de participación deberán figurar o nome da comparsa, o nome e D.N.I do titular da comparsa, e o nome, D.N.I e número de todos os integrantes da mesma.
  - Cada comparsa deberá designar unha persoa representante. A persoa responsable representará ó grupo a todos os efectos.
  -
- ✓ Concurso individual de disfraces para adultos e nenos:

---

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do desfile e do concurso de disfraces. As/os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. As fotografías serán utilizadas pola Concellería de Cultura con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web oficiais.

A participación no concurso implica a aceptación das bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

### QUINTA: COMPOSICIÓN DO XURADO

A cualificación das comparsas será determinada polo Xurado do concurso, que estará formado por:

Presidente: - Concelleira de Cultura ou persoa que a substitúa

Vogais: - Dous membros da comisión organizadora do Entroido 2024 e unha persoa designada entre o público asistente.

Secretario: Actuará como secretario un dos membros da comisión organizadora do Entroido2024.

A Concelleira da área de Cultura queda facultada para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

### SEXTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

<i>VESTIARIO E MAQUILLAXE.</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>ORIXINALIDADE</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>TRABALLO FEITO A MAN.</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>COREOGRAFÍA E MÚSICA</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>SIMPATÍA.</i>	<i>20 Puntos</i>	<i>20 %</i>
<i>TOTAL</i>	<i>100 Puntos</i>	<i>100%</i>

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

O xurado levantará Acta na que recolla as puntuacións asignadas a cada categoría na que figurarán os datos que identifican ós beneficiarios:

### **SÉTIMA: CONTÍA DOS PREMIOS**

Concederanse os seguintes premios, con cargo á partida orzamentaria 338-480 do orzamento do ano 2024, por un importe máximo de 3.150,00 euros

Concederanse os seguintes premios:

- Premio de participación por importe de 100 euros as dez primeiras comparsas participantes no Entroido.

- Premio as catro mellores comparsas cos seguintes importes:

1º premio comparsas- dotado con: 525 euros

2º premio comparsas- dotado con: 375 euros

3º premio comparsas- dotado con: 275 euros

4º premio comparsas- dotado con: 175 euros

- Premios ós tres mellores disfraces individuais para adultos e nenos:

1º premio individual – dotado con 125 euros

2º premio individual – dotado con 100 euros

3º premio individual – dotado con 75 euros

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

**OITAVA:** A maiores dos premios establecidos na cláusula anterior, realizarase un sorteo de 2 premios económicos por importe de 100 euros cada un, entre os asistentes que acudan disfrazados de xeito individual, quedaran fora de dito sorteo aqueles que foran premiados no concurso.

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



## **NOVENA: ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS**

A entrega dos diplomas acreditativos dos premios terá lugar o mesmo día de celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, a Alcaldesa fará público o resultado.

## **DÉCIMA: COBRO DOS PREMIOS**

Para poder cobrar os premios económicos deberán entregar, ó longo do mes de febreiro de xeito inescusable, unha copia do diploma acreditativo do dito premio nas oficinas do Concello de San Cibrao das Viñas, achegando neste momento, copia do CIF ou NIF xunto coa certificación de titularidade da conta bancaria do representante da comparsa.

De non presentar esta documentación no prazo sinalado perderase o dereito a cobrar o dito premio.

**UNDÉCIMA:** A Alcaldesa ou a Xunta de Goberno Local, por delegación, á vista da Acta emitida polo Xurado, aprobará os premios a favor de cada un dos beneficiarios, recoñecerá as obrigas e ordenará o pago ás contas correntes que para este fin teñan facilitado os beneficiarios

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

A Alcaldesa,

Marta Nóvoa Iglesias

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

